

V CONTROL DELEGACION DE LUGO

11 de decembro de 2021

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da provincia, organiza o 5º CONTROL DELEGACION DE LUGO, o **SÁBADO 11 de decembro de 2021, en xornada de mañá**, na pista ao aire libre e no Módulo cuberto do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencente a Galicia e que pertencen ás categorías **sub-8 ata sub-14**. Os atletas que cambien de categoría o 1 de xaneiro poderán participar nas probas da categoría inmediatamente superior.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **20:00 horas do luns 6 de decembro**. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.** **Existirá unha cota de inscrición de 3€** para todos os atletas.

Art. 3. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
SALTO LONXITUDE (sub-14) – serie A	10:30	LANZAMENTO PESO (sub-10) – serie A
SALTO ALTURA (sub-12)		
	10:50	60ml (sub-12)
SALTO LONXITUDE (sub-14) – serie B	11:00	LANZAMENTO PESO (sub-10) – serie B
	11:10	60ml (sub-14)
LANZAMENTO PESO (sub-12) – serie A	11:30	SALTO LONXITUDE (sub-14) – serie A
		SALTO ALTURA (sub-12)
60ml (sub-14)	11:50	50ml (sub-10)
LANZAMENTO PESO (sub-12) – serie B	12:00	SALTO LONXITUDE (sub-14) – serie B
60ml (sub-12)	12:10	
50ml (sub-10)	12:30	
SALTO LONXITUDE (sub-10) – serie A	12:35	LANZAMENTO PESO (sub-12) – serie A
	12:45	1000m (sub-12)
50ml (sub-8)	12:55	1000m (sub-10)
SALTO LONXITUDE (sub-10) – serie B	13:05	50ml (sub-8)
1000m (sub-10)	13:10	LANZAMENTO PESO (sub-12) – serie B
1000m (sub-12)	13:20	60mv (sub-14)
60mv (sub-14)	13:35	1000m (sub-14)
1000m (sub-14)	13:45	

Art. 4. Participación:

- Só se permite a participación en 2 probas por atleta, agás na categoría sub-14 que poderán participar en 2 carreiras e 1 concurso.
- Nos concursos os participantes terán 3 tentativas.
- **Terán preferencia os atletas pertencentes a clubs da provincia de Lugo.**
- En caso de que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas.
- As carreiras de 1000m serán con cronometraxe manual.
- As probas da categoría sub-8 serán non competitivas.

Art. 5. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo no prazo de 24h.
- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no control a sanción será de 5€.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos).

Art. 6. Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso. Os dorsais entregaránse ao responsable do clube no control de acceso.

Art. 7. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 8. O acceso á instalación será **restrinxido e controlado**. Na pista ao aire libre abriráse a entrada ata completar o aforo da instalación. O acceso ao módulo cuberto será restrinxido, poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube. Para solicitar o acceso deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal>. ata o mércores ás 22h. No caso que algún clube non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por clube.

Art. 9. Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art. 10. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 4 de novembro de 2021

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

ORGANIZA:



COLABORA:

